

UN ANO CHEO DE FÍSICA E QUÍMICA



VI CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS

CEIP REBOREDA

REBOREDA-REDONDELA

PONTEVEDRA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. OBXECTIVOS A DESENVOLVER:	3
1.2. CONTIDOS	3
FÍSICA E QUÍMICA	3
A BIBLIOTECA	3
1. O MÉTODO CIENTÍFICO	3
2. ESPAZO FÍSICA, DISTRIBUCIÓN, CATALOGACIÓN E RECURSOS	3
3. FORMACIÓN DOCUMENTAL	3
4. ESCOLLA, MANEXO E PRESENTACIÓN DA INFORMACIÓN	3
1.3. COMPETENCIAS CLAVE	4
1. 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	5
2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.	5
3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA	6
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO	7
5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO	7
1º TRIMESTRE: “A FÍSICA E QUÍMICA QUE NOS RODEA”	8
2º TRIMESTRE:	11
3º TRIMESTRE	12
6. RECURSOS UTILIZADOS E ENUMERACIÓN DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.	13
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	14
8. AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETECIAS CLAVE DO CURRÍCULO.....	14
PLAN DE MELLORA:.....	16
9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO	16



1. INTRODUCCIÓN

O proxecto documental integrado xirou en torno o tema “ *Física e Química*”. Foi un tema moi interesante e enriquecedor tanto como para o alumnado como para o profesorado. A maior parte dos nenos encántanlle os experimentos o que fixo o proxecto motivador dende un principio. Ademais é importante destacar a gran contribución do proxecto á consecución das competencias básicas.

Tamén, ao ser un tema moi unido ao curricular deunos pé a introducilo con facilidade dentro das aulas e darlle un aire mais lúdico a certas áreas e un carácter máis académico as celebracións.

Dende o centro decidimos darlle un papel principal a comunicación oral, tan esquecida moitas veces nas aulas, e tan importante a hora de desenvolver as capacidades e habilidades das persoas. Así, a maior parte das actividades novas deste ano van ter un formato oral que permita aos alumnos e alumnas a expresarse.

Outro dos retos que nos propuxemos este curso foi fomentar a participación da comunidade educativa na vida do centro escolar, as actividades realizadas este ano foron enfocadas a incluír ás familias e facelas participes.

O CEIP Reboreda está catalogado coma un centro de difícil desempeño polas características do alumnado que recibimos. Contamos cun aula de atención preferente para alumnado con ANEAE e recibimos alumnado de Aldeas Infantís SOS Galicia, ONG que ten a súa sede en San Martiño de Ventosela, parroquia do Concello de Redondela. Recibimos alumnos con problemas de integración social, problemas de conducta e en grave risco de exclusión social. En Aldeas Infantís este alumnado atópase en situación de acollida trala intervención dos Servizos Sociais de zona. Hai alumnos de toda Galicia cunhas características familiares e emocionais moi complicadas. Os proxectos que levamos a cabo no noso centro teñen coma primeira prioridade facilitar a



integración deste alumnado e mellorar a súas competencias tanto educativas coma emocionais. Para iso traballamos de xeito coordinado con Aldeas Infantís, compartindo recursos, ideas e dinamizando actividades inclusivas.

1.1. OBXECTIVOS A DESENVOLVER:

1. Investigar e ampliar os coñecementos sobre a física e química que nos rodea.
2. Establecer relacións entre a física e a química.
3. Valorar a importancia dos procesos científicos na nosa vida.
4. Espertar o interese polos procesos físicos e químicos que nos rodea.
5. Visibilizar o papel da muller na ciencia.
6. Ampliar o vocabulario e adquirir destrezas de expresión oral e escrita.
7. Expoñer e compartir os coñecementos adquiridos
8. Usar a biblioteca coma centro de consulta, investigación e traballo.
9. Manexar bibliografía e webgrafía de xeito efectivo.
10. Participar en actividades internivelares de intercambio de coñecementos.
11. Dar visibilidade ao traballo das aulas entre toda a comunidade educativa.
12. Implicar a comunidade educativa nos proxectos de investigación do centro.

1.2. CONTIDOS

Física e Química	A biblioteca
1. A química que nos rodea	1. O método científico
2. A química do noso corpo	2. Espazo Física, distribución, catalogación e recursos
3. Procesos físicos	3. Formación documental
4. Beneficios da física e da química	4. Escolla, manexo e presentación da información
5. Muller e ciencia: visibilización do papel da muller no eido científico	



1.3. COMPETENCIAS CLAVE

O principio básico que rexeu o noso proxecto foi a competencia de **Aprender a aprender**, desenvolta a través do PDI “Física e Química”, proxecto no que participou todo o alumnado e profesorado de educación infantil e educación primaria.

O proxecto fomentou o traballo cooperativo por grupos, tanto na aula como de xeito internivelar e intercentros o que contribuíu a socialización dos nenos/as.

Tamén contribuímos a competencia no **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, deixando que os alumnos foran os protagonistas do seu coñecemento. Son eles os que dirixiron o proxecto dende o primeiro momento. A **competencia social e cívica** foi desenvolvida participando en todas as actividades culturais que se desenvolveron no centro con motivo das celebracións da nosa comunidade, por suposto, cos talleres medioambientais e coas actividades internivelares. Esta competencia vai ligada a **competencia de conciencia e expresión cultural** fixemos actividades de conciencia e regulación emocional, de autonomía, de xogos cooperativos... e, por suposto, talleres creativos con material de refugallo, actividades de creación e expresión plástica, pintura, decoración...

Non podemos esquecer a competencia en **comunicación lingüística**, fundamental nestas idades. Se algo imperou neste proxecto foi darlle voz ao alumnado. A escola prima demasiadas veces o traballo escrito na mesa e a comunicación, as máis da veces, parte do mestre. Con este proxecto, os alumnos tomaron a voz para compartir os seus saberes facendo vídeos, preparando exposicións, participando en congresos e propostas da Consellería de Educación, expoñendo no congreso, explicando no stand, falando na radio...

As habilidades de expresión e razoamento matemático contribuíron a desenvolver a competencia **matemática**, contamos con recunchos de lóxica-



matemática, presentes nas rutinas do día, traballando con números así como o estudo da ciencia e do medio con ollos matemáticos. Esta competencia vai da man da **competencia básica en ciencia e tecnoloxía**, aplicamos o método científico facendo hipóteses, aproveitamos o noso coñecemento da física e da química nos recursos dos que xa dispomos no centro. Os alumnos tiveron liberdade para pescudar, para equivocarse e para acertar. E todo isto satisfacendo sempre a súa curiosidade.

Pero se hai algo que non pode faltar na escola son os medios dixitais, a **competencia dixital**. Usamos as novas tecnoloxías, publicitando todo o noso traballo incorporando así o **tratamento da información e competencia dixital**.

1. 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Aspectos actitudinais básicos:	Instrumentos de avaliación
Autonomía no traballo	Produtos finais das tarefas realizadas
Limpieza e orde na presentación	Diferentes ferramentas de autoavaliación
Comprensión ordes orais	Guías de observación
Esforzo e interese	
Organización e coidado do material	
Respecto aos demais	

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

Coma se escolle o PDI do centro? Cada ano no mes de maio todas as aulas fan as súas propostas sobre a temática a traballar o vindeiro curso. Esas propostas comunícanse ao equipo de biblioteca. Moitas das temáticas adoitan repetirse, de xeito que o equipo de biblioteca unifica os temas e deixa tres ou catro para a escolla final. Este curso o tema escollido pola maioría do alumnado foi “Física e Química”.



Co tema xa escollido, o equipo da biblioteca preguntámonos, é posible traballar física e química na educación primaria? O obxectivo do noso PDI é estimular en toda unha xeración, dende educación infantil ata primaria, a súa vocación científica, alfabetizalos cientificamente dende o ámbito da física e da química.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O proxecto foi dividido por trimestres quedando repartido da seguinte forma:

A) 1º TRIMESTRE- “A física e química que nos rodea”. A biblioteca encargouse de dotar de material bibliográfico e de soporte loxístico para o bo desenvolvemento do traballo. Así mesmo, ao rematar o trimestre a biblioteca fixo un calendario de exposicións orais para defender o traballo de aula diante dos compañeiros. Ao rematar o trimestre e por quendas, todo o alumnado do centro expón no salón de actos do centro o seu traballo de aula, compartindo as súas aprendizaxes co resto dos compañeiros. Para acompañar a defensa oral, as aulas poden preparar unha presentación, vídeo...

B) 2º TRIMESTRE- “Mulleres galegas científicas relacionadas co ámbito da física e da química”. Vendo o material bibliográfico que había nas aulas e facendo pescudas entre o alumnado descubrimos que a meirande parte dos seus referentes científicos eran homes, polo tanto, dende o claustro pareceunos fundamental visibilizar o papel da muller no eido científico.

C) 3º TRIMESTRE- II Congreso e Feira de Ciencia e Tecnoloxía do CEIP REBOREDA. Un ano máis rematamos o noso traballo dándolle difusión non so nos medios web do noso centro senón tamén facendo partícipes a toda a nosa comunidade educativa. Para iso un ano máis organizamos o noso congreso e feira. Os alumnos/as de cursos impares (1º, 3º e 5º, ademais de educación infantil) presentaron ponencias



teóricas no congreso, mentres que os alumnos/as dos cursos pares (2º, 4º e 6º e tamén educación infantil) presentaron os seus proxectos de aula nos stands da feira.

Contactamos coa asociación de enfermos mentais Lenda para que nos fixese chapas de agasallo para os nosos convidados, contactamos coa prensa e radio local para difundir a actividade, convidados as familias a asistir aos dous días de feira.

Convidamos aos centros de Redondela a participar e apuntáronse 300 alumnos/as dos centros veciños: CEP STA MARIÑA, EII Ventosela, CEIP Quintela, CEIP Cedeira e CEIP Alexandre Bóveda.

Os días 17 e 18 de xuño de 2019 tivo lugar o congreso e feira do CEIP Reboreda que estase convertendo no noso buque insignia. Este ano, convidamos aos visitantes a poder participar na actividade ben cun stand na feira ou cunha ponencia no congreso. O CEIP Cedeira uniuse e presentou un stand de robótica.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Ao longo do curso a biblioteca edita varios trípticos informativos.

Este ano ademais, con motivo da feira, elaboráronse, invitacións para os colexios e as familias, carteis con publicidade, pancartas da feira e do congreso, carteis para os stands,...

A nivel dixital publicáronse durante todo curso as actividades que se foron realizando <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/e> no wix do PDI

<https://omanantiansantopai.wixsite.com/fgreboreda>

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

A biblioteca é un eixo coordinador de propostas para todo o centro pero esta coordinación non existe se as aulas non son participes das mesmas. Dende o equipo da



biblioteca sempre consideramos que a biblioteca debe ser unha facilitadora pero nunca impoñer as actividades a realizar pois cada aula ten unhas características, peculiaridades e intereses particulares que deben ser respectados.

Partindo dende esa perspectiva, a biblioteca propón actividades xenéricas que as aulas adaptan as súas necesidades e, por suposto, pon os seus recursos tanto tics coma documentais ao servizo de alumnos e profesores.

Polo tanto, inda que nesta relación de actividades imos recoller as actividades de gran grupo coordinadas directamente pola biblioteca, as aulas fixeron un traballo moi interesante sobre o PDI dentro da súa programación de aula. Houbo intercambios entre niveis ou actividades concretas, pequenos proxectos ou colaboración coa comunidade en ámbitos concretos co traballo a desenvolver elas mesmas.

1º trimestre: “A FÍSICA E QUÍMICA QUE NOS RODEA”

- a. **DECORACIÓN DOS ESPAZOS:** comezamos o proxecto decorando todo o centro, tanto a entrada do centro coma o espazo da biblioteca.
- b. **MOITA FÍSICA CON JULES VERNE:** o pasado 2018 foi o 50 aniversario da Biblioteca Municipal de Redondela. Co gallo desta celebración, o CEIP REBOREDA quixo sumarse aos actos organizados. A biblioteca mercou bibliografía do autor axeitada para todos os grupos de idade. E comezamos a desenvolver diferentes actividades coordinadas pola biblioteca.

- i. **LECTURA COLECTIVA DA OBRA 20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES DE JULES VERNE** en Radio Redondela.
- ii. **PRESENTACIÓN A TODAS AS AULAS DO AUTOR:** o alumnado de sexto foi o encargado de facer un traballo de investigación sobre o autor.



<https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/10/quen-e-jules-verne.html>



- iii. VISITA AO CAPITÁN NEMO: organizamos unha saída a Praia de Cesantes onde hai unha escultura do capitán Nemo ao pé da auga. A escultura so se pode visitar cando hai marea baixa. Consultado o calendario de mareas contactamos co concello para visitar a Praia no tren turístico da vila. Ás 12 da mañá xuntámonos no areal para facer unha lectura colectiva das obras de Verne. <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/11/seguimos-celebrando-o-dia-da-biblioteca.html>
- iv. ESCAPE ROOM. Despois da lectura e de todo o traballo feito fixemos un xogo de avaliación aproveitando a celebración do Samaín onde os alumnos/as debían amosar todas as súas aprendizaxes sobre Jules Verne. <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/11/escape-room-na-biblio-seguimos.html>
- v. A NOSA MÁQUINA FANTÁSTICA: rematamos o proxecto convidando a todos os alumnos/as a deseñar unha máquina fantástica que se puidese construír no futuro e respectase os principios da física. Cada alumno/a defendeu a súa máquina na aula e logo fíxose unha exposición colectiva con todos os deseños. <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/11/exposicion-de-verne.html>
- c. **A QUÍMICA QUE NOS RODEA.** Contactamos coas familias que viven cerca do noso centro. queriamos aproveitar que é un centro rural para darlle valor ás actividades tradicionais. Actividades cheas de procesos químicos ideais para comezar a desenvolver o PDI do centro.
- i. A VENDIMIA E O LEITE: podemos observar a transformación da materia, diferentes aparellos, diferentes fases do proceso...



<https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/09/a-quimica-da-vendima.html>

<https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/09/facendo-vino.html>

<https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/10/muxindo-unha-vaca-e-facendo-tetilla.html>

- d. **O CLUBE DE CIENCIA:** o clube de ciencia do noso centro naceu coa idea de que un grupo de persoas (estudantes e docentes) se reunise para discutir e debater temas da área científica, para realizar proxectos de ciencia e tecnoloxía e poder aplicar os coñecementos adquiridos noutras áreas e disciplinas. Participamos na convocatoria da xunta e solicitamos o clube. Unha vez concedido, o profesorado implicado reunímonos para deseñar o funcionamento do clube. Priorizamos a participación feminina para impulsar as vocacións científicas nas nosas alumnas. O clube iniciouse no mes de decembro e estivo activo ata a última semana de maio.

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreboreda/clube-de-ciencia>

- e. **EXPOSICIÓNS:** Ao rematar o trimestre cada aula debe presentar o seu traballo ante o resto dos compañeiros. A biblioteca encárgase de coordinar estas exposicións. Na primeira semana de decembro recóllese en cada aula o título, duración e necesidades técnicas ou materiais para a exposición. Un vez obtidos todos os títulos elabórase un calendario de exposición onde se combinan as exposicións máis curtas coas máis longas. As exposicións teñen lugar a segunda semana de decembro no horario de lectura silenciosa. Estas exposicións orais serven para que os alumnos/as vaian practicando a defensa oral para o posterior congreso e tamén para traballar a escoita activa entre todo o alumnado. Compartir o traballo feito de forma pública serve para sacar da aula os coñecementos



adquiridos, visibilizar todo o traballo que se realiza no centro, darlle o protagonismo ao alumnado e aprender a aprender do mellor xeito posible que é aprender facendo. No enlace podemos ver o traballo por aulas e por trimestre.

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreboreda/traballo-por-niveis>

2º trimestre:

- a. **FÍSICA E QUÍMICA FEITA POR MULLERES GALEGAS:** Para o segundo trimestre o eixo vertebrador no que xirou todo o traballo foi a figura da muller. Cada aula escolleu unha muller científica, relacionada co ámbito da física e da química e ademais galega. Todo o traballo está recollido no wix, no apartado de traballo por niveis e, en cada nivel, no apartado do 2º trimestre.

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreboreda/traballo-por-niveis>

- b. **FACENDO VISIBLES ÁS INVISIBLES:** traballo para observar e analizar criticamente o papel da muller nas carreiras de ciencias. Aplicamos técnicas de traballo cooperativo e integrando dentro do proxecto os contidos das outras materias. Aproveitando a celebración do DÍA DA MULLER, cada equipo presentou as súas achegas polas aulas. A presentación consistía nunha pequena exposición teórica onde se falaba do papel da muller nas carreiras de ciencias e unha parte máis lúdica, con todo o material elaborado na aula.

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreboreda/facendo-visibles>

- c. **A SEMANA DA CIENCIA:** dende o equipo de biblioteca contactamos coa asociación [CIENCIA Y MOVIMIENTO](#), trátase dun grupo de científicos que se encargan de facer divulgación científica asumible e creativa en centros educativos

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreboreda/semana-da-ciencia>

- d. **CANAL DE EXPERIMENTOS O MANANTIAL:** propuxemos aos alumnos/as que se enfrontasen a retos físicos, seguindo un pouco as ideas que vían eles mesmos



nos programas de televisión vinculados coa ciencia. Debían investigar sobre o reto e probar. Unha vez a semana gravábanos os experimentos e se publicaron no canal de experimentos o manantial.

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fqreborada/canal-de-experimentos>

3º trimestre

a. II CONGRESO DO COLEXIO DE REBORDA E II FEIRA DE CIENCIA E

TECNOLOXÍA: Para facer realidade este congreso todo o terceiro trimestre adícase a preparación do mesmo. O curso pasado o congreso foi un éxito por iso este ano o congreso ampliouse a un segundo día. Antes de abrir as portas do centro é necesario:

- **DESEÑAR A CARTELERÍA E CHAPA:** escóllese un debuxo que será o fondo para toda a cartelería e tamén unha insignia que será o debuxo da chapa coa que agallasaremos a todos os visitantes ao noso congreso. As chapas son deseñadas polos alumnos/as e elaborados pola Asociación de Enfermos Mentais de Redondela LENDA.
- **EQUIPO DE ORGANIZACIÓN:** fórmase a un grupo de alumnos/as para que sexan os acompañantes de todos os visitantes á feira. Encárganse de estar na porta e recibir aos visitantes, dar programas, repartir chapas e indicacións sobre o sentido da visita. Tamén a labor de acompañar aos alumnos/as das outras escolas ao longo da visita. O equipo de organización é fundamental para que as visitas teñan unha boa experiencia e sen eles non sería posible.
- **CONTACTO COS CENTROS DA CONTORNA**
- **INVITACIÓNS PARA AS FAMILIAS:** despois de contactar cos centros e ter os horarios de visita, fanse as invitacións as familias.



- **CONTACTO CO CONCELLO:** contactamos co concello para solicitar os stands e que todos tivesen a mesma estética. O concello aprobou a nosa solicitude. Asi mesmo contactamos coa empresa de electricidade para dotar os stands de enerxía.

O colexio de Reboreda abriu as súas portas ao público o luns, 17 e 18 de xuño, co gallo do seu II Congreso e a II Feira de Ciencia e Tecnoloxía, adicada a “Física e Química”. Os que se achegaron ao Congreso e a Feira puideron coñecer curiosidades da física e química que nos rodea, coñecer a científicas galegas, aprender máis sobre a gravidade, robótica ou o corpo humano. Ademais, os asistentes participaron no espazo laboratorio, un entorno no que experimentar para poder ver o ADN dos amorodos ou a nosa saliva nun microscopio caseiro. Unha iniciativa coa que se pretendeu que os alumnos foran “os verdadeiros protagonistas”, e que foi a guinda a todo un ano de traballo sobre “Física e Química”, onde participaron todas as aulas do centro dende o 4º curso do 2º ciclo de Educación Infantil ata 6º de Primaria, especialistas...

Coma novidade este ano tamén contactamos con 36 alumnos/as do CRA DE TEO, escola da provincia da Coruña coa traballamos en diversas actividades de xeito conxunto. Tamén as familias se achegaron ao centro nestas xornadas de portas abertas. Pódese ver todo o traballo no seguinte enlace:

<https://omanantialsantopai.wixsite.com/fgreboreda/2o-congreso-e-feira>

6. RECURSOS UTILIZADOS E ENUMERACIÓN DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Os principais recursos utilizados foron materiais impresos da biblioteca (libros, revistas, folletos,...) e diferentes fontes consultadas na rede.

Tamén contamos con expertos en diferentes áreas que quixeron colaborar co noso proxecto co [Faia Educación medioambiental](#), a asociación [Ciencia y Movimiento](#) ou a



assemblea feminista Paxaretas. Colaboración e contacto con diversas científicas galegas que se brindaron a traballar connosco para completar o noso traballo coma Ana María González Noya, Nuria Naverán ou Minia González.

[VOZ NATURA](#). Somos un centro voz natura dende o ano 2010 e participamos en todas as propostas da Fundación e compartimos recursos educativos. Todas as actividades recollidas no PDI deste curso pódense ver no [blog de voz natura](#) onde compartimos as nosas experiencias cos 300 centros que participan do programa.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Como integrar a comunidade educativa na vida escolar é un dos temas que máis nos preocupa no centro.

Temos unha excelente relación coa ANPA que sempre colabora en todas as actividades que lle propoñemos de maneira satisfactoria.

Son moitas as actividades que ao longo do ano programamos e as que invitamos as familias ou a ANPA. Non cabe dúbida que o proxecto non se podería desenvolver sen a súa participación, colaborando connosco nas visitas, acompañándonos nas lecturas colectivas ou asistindo ao Congreso.

Á marxe de todas estas actividades, o noso centro está aberto a nosa comunidade educativa. As aulas convidan as familias a facer talleres, charlas, cociña, a compartir xornadas de convivencia...

8. AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETECIAS CLAVE DO CURRÍCULO.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento da programación. Para iso, ao finalizar cada



actividade do proxecto propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

Á hora de avaliar establecemos, en cada caso o que, como, quen e cando, para que todos os axentes implicados participen na avaliación.

De forma xeral e dende o equipo da biblioteca avalíase

(código: MB: MOI BEN, B: BEN, R:REGULAR E M: MAL)

AVALIACIÓN	CRITERIOS															
Infraestructuras	DISPONIBILIDADE				ACCESIBILIDADE				VALORACIÓN XRAL				NECESIDADES			
	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M
Profesorado	IMPLICACIÓN				EMPREGO DE RECURSOS				PUBLICACIÓN DO TRABALLO				NECESIDADES			
	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M
AVALIACIÓN	CRITERIOS															
Alumnado	PARTICIPACIÓN				ACCESIBILIDADE				VALORACIÓN XRAL				NECESIDADES			
	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M
Organización	PLAN PREVIO				EMPREGO DE RECURSOS				ESPAZOS				NECESIDADES			
	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M	MB	B	R	M

INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PDI:

INDICADORES	1, 2 ou 3 puntos
Integración nos proxectos de centro e de aula	
Clima do centro	
Funcionamento das coordinacións	
Recursos do centro: propios, comprados e demandados	
Implicación da comunidade educativa	
Repercusión académicas e formativas no alumnado	



AVALIACIÓN DO PROXECTO: (1 é o indicador máis baixo e 5 o máximo)

	1	2	3	4	5
MOTIVACIÓN POLO PROXECTO					
FASES DO MESMO					
TICS					
PRESENZA NO CURRÍCULO					
SOCIALIZACIÓN DO ALUMNADO					
AVALIACIÓN					

PLAN DE MELLORA:

- ✚ Sesións de avaliación nas aulas, nos equipos e por parte do alumnado.
- ✚ Recollida das necesidades de mellora
- ✚ Propostas para o vindeiro curso
- ✚ Recollida documental de todas estas sesións.
- ✚ Incorporación na memoria da biblioteca
- ✚ Base para levar a cabo o proxecto do vindeiro curso

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A función da biblioteca é principalmente a de propor actividades e encargarse da organización das mesmas, así como a da súa difusión. A maior parte das actividades están publicadas no blog da biblioteca <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/2018/>

Recoller todo o material elaborado require de moito espazo. Preparamos un wix onde hai unha mostra de cada unha das actividades máis importantes para poder ver a grandes rasgos o traballo presentados.

<https://omanantiansantopai.wixsite.com/fqreboreda>